

## 6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 10: Retransmitindo!

### Actividade 1

**Enunciado: Escribe cada palabra no lugar que lle corresponde.**

chao                      corchea                      quarteto                      córner  
milord                      fanerógama                      router                      bisturí

<b>Estranxeirismos</b>	chao, milord, córner, router.
<b>Tecnicismos</b>	quarteto, router, corchea, fanerógama, bisturí, córner.

<b>Rúbrica</b>			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Diferencia perfectamente os estranxeirismos dos tecnicismos	Diferencia con bastante exactitude estranxeirismos e tecnicismos	Diferencia de xeito deficiente os estranxeirismos dos tecnicismos	Non diferencia os estranxeirismos dos tecnicismos

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica estranxeirismos e tecnicismos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencias para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 2

**Enunciado: Define.**

Estranxeirismo: **palabras que proceden doutro idioma.**

Tecnicismo: **palabras propias de determinados ámbitos ou profesións.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escrebe correctamente a definición de estranxeirismo e tecnicismo.	Escrebe con bastante corrección a definición de estranxeirismo e tecnicismo	Cústalle escribir con corrección a definición de estranxeirismo e tecnicismo	Non escribe de forma correcta a definición de estranxeirismo nin de tecnicismo

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica estranxeirismos e tecnicismos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

### Actividade 3

**Enunciado: Volve escribir as oracións corrixindo os erros no uso do guión.**

• O exconselleiro agradeceunolo agasallo por escrito.

**O ex-conselleiro agradecéuno-lo agasallo por escrito.**

• Atopamo-los no partido de balón-man.

**Atopámoslos no partido de balonmán.**

• Vichela reportaxe sobre enerxías non-contaminantes?

**Víche-la reportaxe sobre enerxías non-contaminantes?**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica nun texto todos os usos incorrectos no uso do guión e volve escribilo de forma adecuada.	Identifica nun texto case todos os usos incorrectos no uso do guión e volve escribilo de forma adecuada.	Identifica nun texto algúns dos usos incorrectos no uso do guión e volve escribilo de forma bastante adecuada.	Non identifica nun texto os usos incorrectos no uso do guión e non é capaz de volver escribilo de forma adecuada.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Le un texto de forma fluída.

Coñece e aplica as regras de uso da raia e do guión.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

#### Actividade 4

**Enunciado:** Escribe un pequeno texto no que se observe o uso da raia.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe con total éxito textos coherentes, correctamente puntuados, nos que se inclúa o uso da raia.	Escribe con bastante éxito textos coherentes, correctamente puntuados, nos que se inclúa o uso da raia.	Escribe con dificultade textos coherentes, correctamente puntuados, nos que se inclúa o uso da raia.	Escribe de forma inadecuada textos nos que se inclúa o uso da raia.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da raia e do guión.

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 5

**Enunciado: Que é un complemento circunstancial? De que clase poden ser?**

O que completa o significado do verbo achegando circunstancias de tempo, lugar, modo... Lugar, tempo, modo, cantidade, compañía, finalidade e instrumental.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente a función do complemento circunstancial así como a súa clasificación.	Coñece con bastante exactitude a función do complemento circunstancial así como a súa clasificación.	Coñece de forma moi básica a función do complemento circunstancial así como a súa clasificación.	Non coñece a función do complemento circunstancial nin a súa clasificación.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido e iniciativa persoal

## Actividade 6

**Enunciado: Indica os complementos circunstanciais destas oracións.**

- Carme estivo falando coa súa irmá por teléfono unha hora.

CCCom    CCI    CCC

- O luns rematamos totalmente o anuncio para o concurso.

CCT                    CCM                    CCF

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica e clasifica correctamente todos os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete un ou dous erros á hora de identificar e clasificar correctamente os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete tres ou catro erros á hora de identificar e clasificar os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete máis de catro erros á hora de identificar e clasificar os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 7

**Enunciado: Escribe unha oración que conteña o seguinte:**

- Un complemento circunstancial de compañía.
- 
- Un complemento circunstancial de finalidade e un de lugar.
- 

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente oracións que cumpran unhas condicións previas.	Escribe con bastante corrección oracións que cumpran unhas condicións previas.	Cústalle escribir oracións que cumpran unhas condicións previas.	Non é capaz de escribir oracións que cumpran unhas condicións previas.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 8

**Enunciado: Que é unha novela?**

É unha narración extensa e completa destinada a varias xornadas de lectura e cunha estrutura completa.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente as características da novela.	Coñece, con bastante exactitude ,as características da novela.	Coñece, de forma deficiente, as características da novela.	Non coñece as características da novela.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece as características da novela.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais



## Actividade 9

**Enunciado: Fíxate na ilustración e explica o que debe ter en conta a persoa que retransmita a carreira.**

Falar con claridade.

Empregar unha linguaxe áxil e de frases curtas.

Coñecer as características do deporte que van retransmitir.

Identificar aos participantes.

Adequar a entoación ao momento que están.

retransmitindo para transmitir emoción.

Facer a narración dos feitos de forma ordenada.

Retransmitir só os feitos máis significativos do xogo.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Explica de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Explica de forma bastante clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Ten dificultade á hora de explicar de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Non explica de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Retransmite eventos deportivos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 10

### Enunciado: Que é a mensaxería instantánea?

É un servizo de comunicación que permite conectar por escrito en tempo real a través dunha rede local ou por Internet.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enuncia de xeito correcto as características da mensaxería instantánea.	Enuncia, con bastante acerto, as características da mensaxería instantánea.	Enuncia, con dificultade, as características da mensaxería instantánea.	Non enuncia as características da mensaxería instantánea.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Enuncia características da mensaxería instantánea.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencias sociais e cívicas

## Actividade 11

**Enunciado: Escribe os estranxeirismos que aparecen no texto.**

Despois de ver o partido, o marqués decidiu pedirle ao chofer que o levase ao chalé. Os albaneis levaban unha semana traballando na súa reforma e quería observa-lo estado das obras. Nada máis chegar, dirixiuse a un dos peóns que por alí andaban e preguntoulle:

—U-lo encargado da obra?

—Está no baño da piso superior vixiando a correcta colocación do bidet e do iacuzi.

Terá que poñerse un casco se quere ir ata alí —respondeulle.

**Chófer, chalé, bidet, iacuzi.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica todos os estranxeirismos que hai nun texto.	Comete un erro á hora de identificar todos os estranxeirismos que hai nun texto.	Comete tantos erros como acertos á hora de identificar os estranxeirismos que hai nun texto.	Comete máis erros que acertos cando identifica os estranxeirismos que a hai nun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica estranxeirismos e tecnicismos.

Le un texto de forma fluída.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 12

**Enunciado:** Escribe cinco tecnicismos relacionados co oficio de albanel.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente tecnicismos relacionados cun ámbito determinado	Escribe con bastante éxito tecnicismos relacionados cun ámbito determinado	Cústalle escribir tecnicismos relacionados cun ámbito determinado	Non é capaz de escribir tecnicismos relacionados cun ámbito determinado.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica estranxeirismos e tecnicismos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

### Actividade 13

**Enunciado:** Indica os usos do guión que se dan no texto.

Partir una palabra ao final de liña. Unir a segunda forma do artigo ao adverbio. Unir a segunda forma do artigo a unha forma verbal.

• **Que outros usos ten o guión?**

Para escribir as palabras en que o primeiro elemento é non, para escribir palabras compostas non fixadas na lingua ou algunhas estranxeiras.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente os usos do guión e identifica os que se dan nun texto.	Coñece case todos os usos do guión e identifica os que se dan nun texto.	Coñece poucos usos do guión e identifica algúns dos que se dan nun texto.	Non coñece os usos do guión ou non identifica os que se dan nun texto.

**Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da raia e do guión.  
Obtén información dun texto.

**Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística  
Competencia para aprender a aprender

## Actividade 14

**Enunciado: Para que se emprega a raia?**

Inicia a intervención dun personaxe.

- **Escrebe un exemplo do texto deste uso.**

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escrebe, con total éxito, textos coherentes e correctamente puntuados, que sirvan de exemplo do uso da raia.	Escrebe con bastante éxito textos coherentes e correctamente puntuados, que sirvan de exemplo do uso da raia.	Ten dificultade para escribir textos coherentes e correctamente puntuados, que sirvan de exemplo do uso da raia.	Non é capaz de escribir textos coherentes e correctamente puntuados, que sirvan de exemplo do uso da raia.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da raia e do guión.

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 15

### Enunciado: Cal é a función do complemento circunstancial?

Completar o significado do verbo achegando circunstancias de lugar, tempo, modo, cantidade, compañía, finalidade...

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente a función do complemento circunstancial.	Coñece con bastante exactitude a función do complemento circunstancial.	Coñece de forma moi básica a función do complemento circunstancial.	Non coñece a función do complemento circunstancial.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 16

**Enunciado. Subliña os complementos circunstanciais e indica de que clase son.**

- O luns o marqués foi ao chalé co seu chofer.

CCT

CCL CCom

- O capataz coloca o bidet no baño con coidado.

CCL CCM

- Os albaneis levan traballando unha semana no chalé.

CCC CCL

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica e clasifica correctamente todos os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete un ou dous erros á hora de identificar e clasificar correctamente os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete tres ou catro erros á hora de identificar e clasificar os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.	Comete máis de catro erros á hora de identificar e clasificar os complementos circunstanciais dunhas oracións dadas.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía



## Actividade 17

**Enunciado: Escribe oracións que se correspondan con seguintes esquemas.**

suxeito + verbo + CD + CCL + CCT + CCF

---

CCL + suxeito + verbo + CD + CI + CCI

---

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente oracións que se adapten a un esquema sintáctico.	Escribe con un ou dous erros oracións que se adapten a un esquema sintáctico.	Comete entre tres e sete erros cando escribe oracións que se adapten a un esquema sintáctico.	Comete máis de sete erros ao escribir oracións que se adapten a un esquema sintáctico.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica e diferencia os complementos circunstanciais.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 18

**Enunciado:** Que debería ter en conta quen retransmitiu o partido que viu o marqués?

Falar con claridade.

Empregar unha linguaxe áxil e de frases curtas.

Coñecer as características do deporte que van a retransmitir.

Identificar aos participantes.

Adequar a entoación ao momento que están retransmitindo para transmitir emoción.

Facer a narración das xogadas de forma ordenada.

Retransmitir só os feitos máis significativos do xogo.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Explica de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Explica de forma bastante clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Ten dificultade á hora de explicar de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.	Non explica de forma clara e coherente aspectos encamiñados a levar a cabo unha correcta retransmisión oral de eventos deportivos.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Retransmite eventos deportivos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencias sociais e cívicas

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 19

**Enunciado: Escribe catro características da novela.**

É unha narración extensa e completa, destinada a varias xornadas de lectura.

Ten estrutura semellante á do conto: inicio, nó e desenlace.

Os personaxes van aparecendo desde o comezo e mentres os coñecemos descubrimos tamén cal é o asunto ou tema principal que os vencella no relato.

Os feitos que narra que poden ser realistas ou froito da fantasía do autor.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente as características da novela.	Coñece tres características da novela.	Coñece dous características da novela.	Coñece unha característica da novela ou ningunha.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece as características da novela.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 20

**Enunciado: Que debería facer o marqués para conversar co capataz da obra a través da mensaxería instantánea?**

**Resposta libre.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enuncia de xeito correcto os pasos necesarios para empregar a mensaxería instantánea.	Enuncia, de xeito bastante, correcto os pasos necesarios para empregar a mensaxería instantánea.	Enuncia con dificultade, os pasos necesarios para empregar a mensaxería instantánea.	Non enuncia de xeito correcto os pasos necesarios para empregar a mensaxería instantánea.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Enuncia as características da mensaxería instantánea e a emprega.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor